



Concello
de Pontevedra



XLI CARREIRA PEDESTRE SAN SILVESTRE DE PONTEVEDRA 24

1. ORGANIZADORES

A Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Concello de Pontevedra.

2. HORARIO DA CARREIRA

Celebrarase o martes 31 de decembro de 2024 a partir das 17:00 h.

3. DISTANCIA E PERCORRIDO

Será de 4.000 metros aprox. polas rúas de Pontevedra, nun circuío pechado ao tráfico (ver plano xunto, en azul o percorrido pedestre).



Saída na Av. Reina Vitoria, Antero Rubín, Iglesias Vilarelle, Alcalde Hevia, Augusto García Sánchez, praza de Galicia, Andrés Mellado, Peregrina, praza da Peregrina, Real, Serra, Padre Amoedo, Bos Aires, Uruguay, Galera, Arcebispo Malvar, Praza España, Michelena, Gutierrez Mellado, parque das Palmeiras, Av. Montero Rios.



Galmotor



DEVES



Concello
de Pontevedra



4. ACCIÓN SOCIAL DA CARREIRA

Para recoller o dorsal será obrigatorio entregar, como mínimo, un kg de alimentos non perecedeiros. Ademais, a maiores, o día da carreira haberá na Av. de Montero Ríos unha furgoneta do Banco de Alimentos de Pontevedra para recoller produtos a partires das 15,30h.



5. INDUMENTARIA EN CARREIRA

É obrigatorio levar o dorsal ben visible, estirado no abdome, aínda que se acuda disfrazado. No caso de que o deportista leve disfraz e este dificulte a visibilidade ou a carreira para o resto de participantes, a criterio da Organización, poderá ser descualificado e pediráselle que se retire do circuíto.

6. INSCRICIÓN

Só se poderá tomar parte na proba con dorsal oficial. Poderán inscribirse todas as persoas que así o desexen, sempre e cando os/as menores de idade, estiveran ao cargo do seu/súa titor/a legal ao longo de toda a carreira.

Dende a Sociedad Gimnástica de Pontevedra, no momento de recoller o dorsal, agradecemos a aportación dun donativo económico para sufragar os gastos da organización do Club, e apoiar a labor da nosa entidade sen ánimo de lucro na promoción do atletismo na nosa comarca.

Calquera persoa poderá inscribir e recoller o dorsal doutra persoa cando teña autorización d@ titular (por exemplo, unha foto do DNI por whatsapp). A inscrición, e recollida de dorsais, farase en persoa no seguinte calendario, ata esgotar dorsais:

Na tenda Miler (Rúa Peregrina 6 soto) do 12 ao 27 de decembro en horario de tenda (de luns a sábado) O día 25 non se entregarán dorsais.

No local da rúa Castelao 3 (baixo) do 28 ao 30 de decembro de 10:30h a 13:30h e de 17:30 a 20:30h; o domingo 29 e o martes 31 de decembro (só de mañán).

8. PREMIOS



Galmotor



DEVESA



Concello
de Pontevedra



- Primeiro e primeira en rematar, un xamón.
- Segundo e segunda, terceiro e terceira, en rematar, un lacón.
- Disfraz individual un lacón á persoa gañadora.
- Disfraz colectivo un lacón ao equipo gañador.

Non haberá clasificación de chegada agás os tres primeiros homes e mulleres.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A partir das 16.15, haberá unha master class de Zumba na liña de saída aberta a todo o público que queira practicar ou quecer.

10. ORDEN DE SAÍDA

Obrigatorio que todas as persoas participantes saían e cheguen pola liña de saída, respetando a seguinte orde de saída:

1º Corredores/as pedestres.

2º Menores de idade.

3º Persoas con mobilidade reducida (carriños de nenos, cadeiras de rodas,...).

Todas as persoas menores de idade, con mobilidade reducida (carriños de nenos, cadeiras de rodas,...) teranse que poñer lonxe da primeira liña de saída porque coa dinámica da carreira sempre se poden xerar algún incidente. O pelotón de participantes irá escoltado por ciclistas.

11. VARIOS

A Organización no se fai responsable dos danos físicos ou materiais que os corredores/as poidan ocasionar a eles mesmos, a outras persoas ou a elementos materiais. A organización resérvase o dereito a efectuar calquera modificación nas condicións indicadas, incluso a suspensión da proba si as condicións meteorolóxicas, ou outras causas de forza maior, así o aconsellan.

As persoas inscritas ceden de maneira expresa á Organización, o dereito a reproducir o nome e apelidos e a súa imaxen, durante esta carreira, só para a promoción da actividade física e do deporte, así como informarles de futuras actividades relacionadas co atletismo.

Para poñerse en contacto coa organización, poderán facelo a través de info@sgpontevedra.com ou no Facebook @[sansilvestrepontevedra](https://www.facebook.com/sansilvestrepontevedra)

Mais info en <http://www.sgpontevedra.com/sansilvestre/>



Galmotor



DEVESA